

INSTRUCCIÓN PARA REALIZAR A PREMATRÍCULA E A MATRÍCULA

Prazo de pre-matrícula: ata o 14 de xuño.

Quen ten que facer a pre-matrícula neste prazo?

Todo o alumnado escolarizado no noso centro este curso 2023/24 e o alumnado de nova incorporación. O alumnado que teña dúbidas sobre si pasa de curso ou repite fará a pre-matrícula en ambos niveis.

Que ten que presentar o alumno para a pre-matrícula neste prazo?

Impreso de matrícula cuberto e asinado pola nai, pai ou titora/titor legal. O impreso de pre-matrícula será entregado polas titoras e polos titores, salvo no caso do alumnado de nova incorporación que o solicitará en conserxería.

Onde hai que presentar impreso?

Alumnado	Lugar
Alumno ou alumna de nova incorporación	Secretaría
Alumno ou alumna escolarizado no noso centro na actualidade	-Entrégallo á súa titora ou ao seu titor antes do 14 de xuño.

Quen ten preferencia á hora de matricularse en materias con límite de prazas?

Grupo A- alumnado con pre-matrícula e que durante a matrícula non modifica as súas peticións de itinerarios e/ou materias.

Grupo B- alumnado con pre-matrícula que modifica a elección de materias no período de matrícula.

Grupo C- alumnado que non fixo pre-matrícula.

A orde de preferencia é o que segue:

Ten preferencia o alumnado do grupo A sobre o alumnado do grupo B e éste sobre o de C.

Dentro de cada grupo, a preferencia virá dada pola día e hora de matriculación, conforme o calendario de matriculación publicado.

Prazo de matrícula : Do 23 de xuño ao 07 xullo, conforme o calendario de matriculación que establece o centro.

Que ten que presentar o alumno ou a alumna neste prazo?

Alumnado	Documentación a presentar
Se realizou a pre-matrícula	-Resto da documentación
Se non realizou a pre-matrícula	-Impreso de matrícula -Resto da documentación